

CRITERIOS DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DA E.S. DE ENXEÑARÍA INFORMÁTICA

EXERCICIO 2016

Aprobada na Comisión Permanente 2/06/2016

1. Reparto do orzamento

- 1.1. Do orzamento ordinario do Centro procederáse a asignar ás distintas áreas de coñecemento que imparten docencia no mesmo, diversas cantidades para material funxible e subministracións de docencia, e a partida 626 (equipamento de laboratorios docentes) segundo os criterios recollidos nas presentes normas.
- 1.2. As cantidades límites correspondentes ás distintas áreas de coñecemento serán destinadas exclusivamente á adquisición de material necesario para dar soporte á actividade docente do profesorado do Centro.

2. Adquisición de material funxible

- 2.1. As áreas de coñecemento utilizarán os devanditos fondos vinculados á adquisición de material funxible necesario para o traballo do profesorado do Centro (bolígrafos, lapis, folios, grampadoras, etc.). Así mesmo, contabilizarase nesta partida o gasto de fotocopias que se realicen nas fotocopiadoras da Escola.
- 2.2. O Centro proverá de rotuladores, papeis de borrado e xiz para a impartición das clases, así coma dos folios para a realización dos exames. Así mesmo, o gasto das fotocopias dos exames cargarase ao Centro, e para iso o profesorado utilizará unha conta aberta a tal efecto na fotocopiadora de Conserxería.

3. Adquisición de equipamento de laboratorios docentes

- 3.1. A partida 626 está destinada á adquisición de equipamento dos laboratorios docentes do Centro.
- 3.2. As áreas que teñan asignada a responsabilidade da xestión de laboratorios docentes específicos para a docencia das materias das que son responsables, disporán dunha cantidade vinculada á partida 626, para a adquisición deste equipamento.

4. Adquisición de subministracións de docencia

- 4.1. As áreas que teñan asignada a responsabilidade da xestión de laboratorios docentes específicos para a docencia das materias das que son responsables, disporán dunha cantidade para a adquisición de material funxible e subministracións necesarias para a impartición das prácticas.

5. Tramitación do gasto

- 5.1. Cada área de coñecemento designará unha profesora ou profesor responsable do gasto, entregando por rexistro un escrito asinado polo menos pola metade máis un dos membros da área no que autorizarán á devandita profesora ou profesor a realizar as solicitudes de gasto con cargo ao orzamento da área. Se se mantén a/o responsable do exercicio económico anterior, non será necesario realizar este trámite.
- 5.2. As solicitudes de gasto con cargo aos orzamentos das áreas poderán entregarse na Secretaría de Dirección ata o 4 de outubro do 2016.
- 5.3. A tramitación das compras realizadas polas áreas de coñecemento con cargo a estas dúas partidas deberán seguir o establecido nas normas de execución orzamentaria da Universidade de Vigo e as instrucións ditadas pola Administradora do Centro. En especial, deberá respectarse o establecido na Instrución de Xerencia pola que se Regula o Procedemento a seguir nas Adquisicións pola Universidade de Vigo de Material de Oficina e Funxibles de Informática (tramitación on line), de 23 de xaneiro de 2013.

Rexeitaranse as facturas que se tramitaran sen axustarse estritamente a estas normas e instrucións.
- 5.4. A Dirección do Centro poderá pedir aclaracións acerca da necesidade docente que xustifique a adquisición de determinado material e equipamento, así coma propor á Comisión Permanente a denegación da tramitación se a xustificación non se considera adecuada.

6. Criterios de teitos de gasto

- 6.1. A cantidade máxima dispoñible de cada área de coñecemento correspondente a material funxible calcularase en función de:
 1. Horas asignadas no encargo de docencia da Escola para o curso 2015/2016 (70%)
 2. Número de traballos fin de grado, proxectos fin de carreira e traballos fin de master dirixidos por profesorado da área e defendidos durante o curso 2014/2015 (30%)
- 6.2. As cantidades asignadas a gastos de material funxible correspondentes a laboratorios docentes calcularanse en función das horas asignadas no encargo de docencia da Escola para o curso 2015/2016.
- 6.3. Unha vez calculadas estas cantidades, a Dirección enviará ás/ós responsables de cada área as cantidades máximas dispoñibles e, se así o solicitan, o desglose da aportación que cada un dos seus profesores e profesoras realizan por Traballos Fin de Grado e Proxectos Fin de Carreira e Traballos Fin de Master.

7. Orzamento 2016

Material funxible:

- Áreas: 2.900€

Subministracións docentes:

- Laboratorios Tecnoloxía Electrónica e Automática: 360€

626 – Equipamento de laboratorios docentes: unha vez comunicada pola Reitoría a cantidade asignada á ESEI neste concepto para o 2016, repartírase de forma proporcional ao número de laboratorios (laboratorios de ordenadores xestionados pola Dirección (12L), e laboratorios xestionados polos departamentos de Tecnoloxía Electrónica (1L) e Enxeñaría de Sistemas e Automática (1L)).

8. Incremento dos teitos de gasto

Se a Dirección da ESEI considera a posibilidade de aumentar estas partidas orzamentarias con outras achegas, a súa distribución de teito de gasto entre áreas seguirá as mesmas proporcións que o reparto inicial.